

## **ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)**

LUGAR: Espazo Apego (rúa República do Salvador, 12, 15701 Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 15 de marzo de 2025

HORA DE COMEZO: 10.30 h

HORA DE REMATE: 14.00 h

NÚM. DE ASISTENTES: 14 persoas

### **ORDE DO DÍA**

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
7. Rolda aberta de intervencións

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior**

A secretaria, Paula Soto, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2024 (anexo 1) e esta apróbbase por unanimidade.

#### **2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas**

Xesús M. Mosquera explica que durante o período interassemblear 2024-2025 se rexistraron dúas solicitudes de alta. Neste mesmo período rexistráronse 4 baixas.

O número de socias/os da CTNL en marzo de 2025 é de 134 persoas.

Lémbrese que hai un acordo da Asemblea para comunicarlles ás persoas que teñen dúas cotas sen pagar que as damos de baixa. As cotas que veñen de volta do banco xeran moitos gastos. En todo caso, sempre serán convidadas a que volvan á asociación cando así o volvan solicitar.

Vótase e apróbbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva.

#### **3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión**

A presidenta, Mónica Fernández, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período 2024-25 (anexo 2).

O plan de acción aprobado case se cumpriu na súa totalidade, aínda que houbo que darlles prioridade

ás accións máis asentadas ou con certa urxencia mais si se levaron a cabo as actividades que se consideraron prioritarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, información de convocatorias etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, formación, LGx15, Agasallo, Premios Mil Primaveras etc.). A maiores, elaboráronse escritos e valoracións dos vinte anos do PXNLG e mais do informe do IGE e renovouse o web da CTNL.

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: non se actualizou o Manual de xestións administrativa para SNL, que a priori parecía un traballo doado, xa que Alicia Otero se prestaba para actualizado, pero ao resultar máis laborioso do que contaba, non o puido elaborar; tampouco se creou unha canle de Telegram para mellorar a comunicación.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Máis polo miúdo fomos tratando os diferentes bloques:

1. Defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras de normalización e a dignidade das condicións de traballo dos SL: continuouse coa difusión a través do web, do boletín e nas redes sociais das convocatorias de prazas de técnicos ou similares: Arzúa, deputacións de Lugo e Ourense; fíxose o seguimento das convocatorias de subvencións da SXPL e das deputacións da Coruña e Pontevedra; a CTNL pronunciouse sobre a instrución do Concello de Ferrol que obrigaba a redactar os contratos exclusivamente en lingua española.

2. Promoción da formación continua no eido da normalización lingüística: o curso escollido foi o titulado As redes sociais, unha ferramenta valiosa para a normalización lingüística, impartido por Verónica Ramallal os días 14, 24 e 31 de outubro de 2024. A formación foi ben valorada, aínda que algo escasa e falta de práctica. Recollemos tamén a suxestión de organizar antes o curso anual, no último trimestre do ano acumúlase moito traballo e faise complicado compatibilizar todo.

3. Promoción do uso e prestixio da lingua en todos os ámbitos da sociedade. Neste sentido, a CTNL participou na manifestación nacional de Queremos Galego o 17 de maio en Santiago de Compostela; na manifestación do 17 de novembro: Mudemos de rumbo para pedir a actualización e aplicación do PXNLG; na manifestación do 23 de febreiro: Lingua vital xa! Paremos a emerxencia lingüística; publicou en outubro de 2024 a valoración dos vinte anos do PXNLG; publicou en febreiro de 2025 o escrito denuncia pola non inclusión da CTNL e mais do persoal técnico dos SNL nas comisións encargadas da actualización do PXNLG, o que provocou que a CTNL tivese un encontro coa comisión técnica encargada da renovación do PXNLG para falar deste tema, acudiron á xuntanza o 12 de marzo de 2025 Inma, Xesús e Mónica. Nesta xuntanza falouse da postura da coordinadora e do malestar xerado por non contar coa experiencia e co traballo técnico das persoas que están nos servizos de normalización lingüística dos concellos e doutras administracións, tamén se puxo a atención en non contar con outras organizacións que traballan a prol da lingua, como pode ser Alingua; transmitíuselle o malestar da CTNL ao non incentivar a creación de novos servizos, pola falta dunha coordinación real da Rede de Dinamización Lingüística, que podía prestar un servizo de orientación/asesoramento para aqueles concellos que non teñen servizos lingüísticos, que podía contar co traballo que están a realizar os servizos lingüísticos e ás súas necesidades; en definitiva, a Rede debería ter un papel máis activo que servise de impulso para o traballo de normalización da lingua. Tamén se puxo en dúbida o resultado da renovación do plan, pois entendemos que non pode ser moi ambicioso se na realidade están a legislar na contra.

4. No apartado da transmisión de ideas e accións de fomento do galego, continuouse cunha nova edición do **LGx15, Ideas para o futuro da lingua**, a décima. Foi o 26 de outubro de 2024 no Teatro Principal de Santiago de Compostela en colaboración con este Concello. Houbo cinco intervencións: Bernado Penabade, por ensino; Illa Bufarda, por emprendemento; Rodri Míguez, por divulgación musical; J. Manuel Menéndez, por natureza e turismo e Sole Felloza, por neoflante e migrante. Presentou María da Pontraghá e Nadie González desenvolveu a actuación musical. Contouse coa colaboración de Deleite para a contratación da presentadora e da actuación musical e co convenio coa SXPL.

En canto a **Agasallo**, continuamos coa súa difusión a través das redes sociais Facebook, twitter e instagram co obxectivo de compilar e difundir propostas de regalo en galego a través das redes sociais; como novidade, incluíuse unha nova rede: Bluesky.

No referido aos **Premios Mil Primaveras**, finalizamos a quinta edición en 2024. Os premiados foron: Recuncho Gamer, Ceiba Rimas, Aquí tamén se fala (centros de ensino) e Elos, engánchate ao galego (SNL); os premios foron de artesanía de Cavalinho do Demo, a actuación musical, a cargo de Rilo&Penadique a través da subvención da Deputación de Pontevedra denominada Culturea. A gala de entrega dos premios desenvolveuse no Pazo da Cultura de Pontevedra o 8 de xuño de 2024 en colaboración con este Concello. En outubro de 2024, abriuse a convocatoria da sexta edición, na que se presentaron 36 proxectos. Neste momento o xurado está constituído e valorando as candidaturas. Estes premios recibiron o IV Premio Alfredo Iglesias na categoría de promoción da lingua; Anxos e Mónica acudiron á gala de entrega de premios o día 16 de xaneiro no Hotel Congreso nas Mámoas de Motouto en Teo.

Continuamos coa proposta **#veránlingua** a través das nosas contas de Twitter/X e Instagram, que busca aproveitar o tempo estival para deternos con máis vagar en recursos, publicacións, campañas, vídeos, ferramentas, xogos... de interese para as persoas que traballamos en lingua.

5. Espazos de colaboración e encontros. A Ctnl colaborou cos XXVI Encontros para a normalización lingüística, que tocou o tema Vivir e perdurar na nosa lingua; participou no Foro Social da Lingua do Instituto da Lingua Galega constituído o 2 de xullo de 2024 e na Plataforma Queremos Galego. A maiores, retomamos o contacto coa Universidade da Coruña para a colaboración no Curso de Verán Traballando en lingua, que van tratar o tema da emigración.

6. Accións organizativas e de comunicación. A accións máis destacable é a renovación da páxina web para facela máis dinámica, visual, moderna e que se adapte aos novos dispositivos dixitais. Ten unha estrutura de cinco contidos: **A Ctnl**: quen somos, obxectivos, fins, estatutos e algo de historia; **Que facermos**: formación, proxectos, publicacións, propostas e outras accións; **Actualidade** (na anterior, corresponde coas Novas); **Contacto**; **Asociarse**. A idea, ao principio, era de alixeirala en canto ao contido, pero finalmente decidimos deixar a maioría dos contidos, pero repartidos doutra maneira, xa que non deixa de ser a nosa historia como asociación.

Vótase o informe de xestión e apróbase por unanimidade.

#### 4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

Xesús M. Mosquera expón o informe económico do período comprendido entre o 23 de febreiro de 2024 até o 28 de febreiro de 2025 (anexo 3).

Vótase a aprobación do informe e apróbase por unanimidade.

#### 5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Mónica Fernández, presenta o plan de acción para o período interasamblear 2025-2026 (anexo 4). A seguir ábrese un debate no que se matizan, comentan e aclaran algunhas das accións propostas.

Continuaremos a defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es; realizar propostas que busquen mellorar a situación do traballo de NL; difundir o traballo que se desenvolve a prol do galego; poñer en valor o traballos dos técnicos e técnicas de normalización lingüística e continuar co seguimento das convocatorias de subvencións da SXPL e das deputacións da Coruña e Pontevedra.

No apartado da formación continua propomos os seguintes obradoiros e cursos:

1. Obradoiro de redacción e presentación de proxectos de normalización lingüística
2. Obradoiro de planificación e avaliación a partir da educación social
3. Obradoiro de xestión de iniciativas de normalización lingüística

#### 4. Curso de formación sobre o proceso de normalización: norma... que?, servizo de que?

Olga Patiño comenta unir o curso 1 e 3, xa que lle parecen moi relacionados; tamén salienta a importancia de conseguir que estes cursos puntúen nos procesos selectivos.

Conchi Cochón propón un curso sobre a aplicación do IVE nas contratacións.

Para que os cursos da Ctnl contén con validación oficial, falaremos co secretario xeral de lingua para que a Secretaría Xeral valide a nosa formación. Tentarase incluír esta proposta no novo convenio.

En canto ás propostas para facer máis efectivo o traballo de NL, seguirase na mesma liña que en anos anteriores con accións para unha mellor e maior implicación das administracións públicas no proceso de normalización. En concreto, faremos un seguimento da revisión do PXNLG da Xunta de Galicia; constatamos que falta unha escala de planificación lingüística na Administración especial da Xunta de Galicia, polo que se lle proporá a creación desta escala tanto á Secretaría Xeral de Lingua como que quede reflectido na elaboración da revisión do PXNLG; en relación coa Administración local, realizaremos un seguimento das convocatorias e instaremos as deputacións para que promovan a creación e consolidación dunha rede de SNL nas entidades locais da provincia; en relacións coas universidades galegas, proporémoslles unha maior difusión entre o alumnado das posibilidades profesionais como técnicos/as e a posibilidade de que organicen un mestrado de planificación lingüística.

Seguiremos colaborando cos Encontros para a normalización lingüística organizados polo CDSG do Consello da Cultura Galega, que se realizarán no outono de 2025.

No apartado de **Accións de fomento do galego** tratáronse os seguintes programas:

**Premios Mil Primaveras**, na actualidade está a traballar o xurado nas deliberacións da sexta edición que se resolverá na primavera e abrirase unha nova convocatoria despois do verán.

Continuar co **Lgx15**, que este ano cumpre once anos.

Continuaremos co proxecto **Agasallo** con máis incidencia nas redes sociais.

En canto á propostas organizativas para 2025-26 da CTNL:

Mantemos as cotas de socios/as tal como están, renovaremos o seguro de responsabilidade civil, poremos en marcha grupos de traballo para realizar as distintas accións aprobadas, procuraremos renovar os convenios e acordos de colaboración; seguiremos facendo propostas en positivo nas comisións e plataformas das que formamos parte, seguiremos colaborando coa Universidade da Coruña no curso de verán se así o solicitan, colaboraremos coa revisión do PXNLG, exploraremos a posibilidade de formar parte de Alingua como entidade amiga e en relación co Concello de Vigo e a falta de cobertura de persoal técnico no SNL, tentaremos preguntar por esta remuda.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbese por unanimidade o plan de acción para o vindeiro período sinalado.

## 6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Mónica Fernández, sinala que a previsión orzamentaria para o 2025 é continuísta, é dicir, vai seguir na mesma liña que nos anos anteriores.

Vótase a previsión orzamentaria para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade.

## 7. Rolda aberta de intervencións

Como non houbo ningunha intervención, sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea e agradece a participación. Eu, como secretaria, redacto a acta.

A secretaria

Visto e praxe  
A presidenta

Paula Soto Viñas

Mónica Fernández Valencia

### **Anexos:**

**Anexo 1 :** Acta anterior

**Anexo 2:** Memoria de xestión

**Anexo 3:** Memoria económica

**Anexo 4:** Liñas de acción